#creatividadeconvistas
eapicasso.com

Guía do alumnado

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO PABLO PICASSO

PABLO PICASSO EASD

Edita
Escola de Arte e Superior de Deseño
Pablo Picasso

Presentación	5
Oferta educativa e lexislación aplicable	14
Política de calidade	15
Órganos de participación	16
Servizos	17
Información xeral EEAASS	21
Deseño Gráfico	29
Deseño de interiores	34
Información xeral EEAAPP	39
Fotografía	43
Ilustración	46
Escultura aplicada ao espectáculo	49
Dourado, prateado e policromía	51
Taller cerámico	54
Taller de madeira	56
Formación en centros de traballo	58
Programas internacionais	58
Normas en caso de evacuación	60
Boas Prácticas	62

PABLO PICASSO EASD

Presentación

A Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso é un centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Además, forma parte da Confederación de Escolas de Arte, organización que agrupa o 95% das escolas públicas estatais que imparten ensinanzas en Artes e deseño.

O actual equipo directivo da EASD Pablo Picasso está formado por:

Elena Pardo Antequera (Dirección)
Antía Salgado Mesa (Vicedirección)
Ana González Orrio (Xefatura de Estudos)
Manuel A. Soto Gómez (Secretaría)



A sede actual da Escola, na rúa Pelamios, foi deseñada polo arquitecto José Antonio Corrales, Premio Nacional de Arquitectura (1948, 2001), e comezou a construírse en 1983. Até entón, a sede da mesma era o Instituto da Garda (situada na praza de Pontevedra) onde compartía o espazo cos estudantes da devandita institución.

A súa construción terminou en 1986 e unha vez efectuado o traslado, foi inaugurada o 14 de novembro de 1988 polo Vicepresidente da Xunta de Galicia, Javier Suárez Vence-Santiso e o Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia, Aniceto Núñez García. Neses momentos a Directora da Escola era Carmen Serantes López.

A Escola atópase situada fronte á Enseada dos Pelamios, tras o Paseo Marítimo e entre as rúas dos Pelamios e a rúa Sacerdote Manuel Espiña; podéndose acceder a ela desde a Rúa de Orillamar.



Tamén podes atoparnos online en:

- instagram/easd_pablopicasso
- facebook.com/EASDPabloPicasso
- linkedin.com
- youtube.com/EASDPabloPicasso
- spotify.com/EASDPabloPicasso

Conta con 5 niveis de altura, coa seguinte distribución:

Nivel 3: Sala de profesorado, departamento de relacións con empresas e vicedirección.

Nivel 2: Da Aula 1 á Aula 8bis.

Nivel 1: Da Aula 9 á 11, conserxería e administración, despachos de dirección, cafetería, biblioteca e aula impresión gran formato. Acceso á Escola dende a rúa Pelamios.

Nivel 0: Laboratorios fotografía, taller de dourado, taller de baleirado, taller de grabado, taller de modelado e taller de cerámica. Acceso á Escola dende o paseo marítimo.

Nivel -1: Taller de madeira e restauración, taller de escultura efémera e acabados polícromos e taller de estruturas e montaxes.



3

Nivel 3

SP- Sala de profesores

RE- Depto. de relacións con empresas

VD- Vicedirección




A8P
A8M
A7
A6
A5
A4
A3


T-AU
BIBLIO
D
X
S
C_A
CAFE
A10



Nivel 2

A1- Aula teórica
A2- Aula teórica
A3- Aula polivalente
A4- Aula polivalente
A5- Aula polivalente
A6- Aula polivalente
A7- Aula proxectos
A8- Aula informática
A8bis- Aula informática



Nivel 1

C- Conserxería
A- Administración
D- Dirección
X- Xefatura de estudos
S- Secretaría
CAFE- Cafetería
BIBLIO- Biblioteca
A9a- Aula debuxo
A9b- Impresión gran formato
A10- Aula proxectos
T-AU- Taller audiovisuais


FAEL
FAEL
T-DOU
T-MAQ
T-VA
T-GR
T-M2
F-LI
F-LC

T-MAD



Nivel 0

FAEL- Foto Aula- Estudo-Laboratorio
F-LC- Foto laboratorio colectivo
F-LI- Foto laboratorios individuais
T-DOU- Taller dourado, prateado e policromía
T-MAQ- Taller de maquetas
T-VA- Taller de valeirado
T-GR- Taller de grabado
TM1- Taller de modelado 1
TM2- Taller de modelado 2
T-CE Taler cerámica



Nivel -1

T-MAD- Taller de madeira e restauración
T-ESC- Taller de escultura efémera e acabados policromos
T-EST- Taller de estruturas e montaxes

Oferta educativa e lexislación aplicable

EASD Pablo Picasso		Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.
		ORDEN do 8 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de arte y superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.
FAMILIA PROFESIONAL ARTISTICA	Ciclo formativo/ Ensinanza modular	Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.
COMUNICACIÓN GRÁFICA E AUDIOVISUAL	Fotografía	DECRETO 92/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía.
	Ilustración	DECRETO 95/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.
ESCULTURA	Escultura aplicada ao espectáculo	REAL DECRETO 220/2015, de 27 de marzo, por el que se establece el título de Técnico Superior de Artes Plásticas y Diseño en Escultura aplicada al Espectáculo perteneciente a la familia profesional artística de Escultura y se fija el correspondiente currículo básico.
	Dourado, prateado e policromía	REAL DECRETO 223/2015, de 27 de marzo, por el que se establece el título de Técnico Superior de Artes Plásticas y Diseño en Dorado, Plateado y Policromía perteneciente a la familia profesional artística de Escultura y se fijael correspondiente currículo básico.
	Taller de maderia_2º curso	REAL DECRETO 218/2015, de 27 de marzo, por el que se constituye la familia profesional artística de Escultura.
	Taller cerámico 1º e 2º curso	DECRETO 131/2013, do 18 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística
ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO		
ESPECIALIDADE	Deseño Gráfico Deseño de Interiores	DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia. ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

Política de calidade

A EASD Pablo Picasso adquiriu un compromiso de mellora continuada de todos os seus procesos e satisfacción permanente das necesidades, demandas e expectativas da súa comunidade educativa.
Como parte dese compromiso, atópase inmersa na implantación do Sistema de Xestión de Calidade (SXC), que procura garantir a calidade do proceso educativo en todas as especialidades que se imparten na Escola. Además, e segundo o convenio asinado o 19 de novembro de 2014 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), faise especial fincapé nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño xa que é un requisito indispensable nos centros onde se imparten Titulacións Oficiais incluidas no nivel 2 (Grado) do MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior).

Para contribuir nesta mellora, é importante valorar a túa opinión e o teu nivel de satisfacción. Podes participar de varias maneiras. Unha delas é accedendo aos órganos colexiados, como a Xunta de Escola, na que o alumnado ten 7 representantes. Podes consultar máis información sobre a súa composición e funcións no enlace:
http://www.eapicasso.com/organigrama/

Tamén está dispoñible un buzón de Suxestións na páxina web da Escola no enlace **http://www.eapicasso.com/suxestions/**, no que se poden facer chegar felicitacións, suxestións e queixas. Lembra que as RECLAMACIÓNS (referentes a cualificacións, validacións, etc…) xestionaranse segundo a normativa vixente, polo que non o podes cursar a través deste formulario.

E ao longo do curso, faranse chegar unha serie de enquisas de satisfacción ao alumnado sobre diferentes aspectos do proceso de ensino aprendizaxe. A túa opinión é fundamental para acadar ese compromiso de calidade, polo que a Dirección da EASD Pablo Picasso anima á participación de todo o colectivo estudiantil.

Órganos de participación

XUNTA DE REPRESENTANES DO ALUMNADO

Nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño existe unha xunta de representantes integrada polos delegados e delegadas do alumnado oficial matriculado, e polos/polas representantes do alumnado na xunta de escola. Dita xunta estará presidida por un dos seus membros elixido entre os/as seus/súas compoñentes que desempeñen a condición de representantes do alumnado na xunta de escola.

ALUMNADO DELEGADO DE CURSO

O alumnado de cada curso que se imparte na escola, elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable no prazo máximo de un mes desde o inicio do curso escolar, unha persoa delegada de curso, que formará parte da xunta de representantes do alumnado. Elixirase tamén unha persoa subdelegada que substituirá a delegada en caso de ausencia ou enfermidade e que a apoiará nas súas funcións.

XUNTA DA ESCOLA

A xunta de escola é o órgano de participación da comunidade educativa nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño. A xunta de escola ten a seguinte composición:

- a) A dirección da escola, que exercerá a súa presidencia.
- b) A vicedirección da escola.
- c) A xefatura de estudos da escola.
- d) Un/unha representante do concello do municipio no que estea situada a escola, que preferentemente estará relacionado/a co ámbito cultural.
- e) Un/unha representante do persoal de administración e servizos da escola.
- f) O secretario ou secretaria da escola, con voz e sen voto.
- g) Sete docentes elixidos/as entre os membros do claustro.
- h) Sete representantes do alumnado.
- i) Un/unha representante dos pais, nais ou titores/ as legais do alumnado menor de idade.
- j) Un/unha representante das empresas ou institucións que colaboren coa escola na realización das prácticas externas

Podes saber máis sobre as competencias destes órganos de participación consultando o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das Escolas de Arte e Superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA

Para potenciar o uso da lingua galega, a escola conta cun Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) no que están representados os distintos colectivos da comunidade educativa coa seguinte distribución: tres representantes do profesorado, dous/dúas representantes do alumnado e un/unha representante do persoal non docente. As competencias do equipo de dinamización da lingua galega son, entre outras:

- Presentar a través do claustro propostas ao equipo directivo para a fixación de obxectivos de dinamización da lingua galega.

- Deseñar un programa anual de promoción da lingua galega.

Entre as actividades que se levan a cabo dende o equipo para promocionar o uso da lingua galega dentro da comunidade educativa están:

- Celebración do día das Letras Galegas, en colaboración coa vicedirección da escola, consistente na exposición no vestíbulo do centro dos traballos realizados polo alumnado de diferentes especialidades sobre o autor/a homenaxeado.
- Establecer uns premios para os estudantes que realicen en galego os traballos de fin de estudos e dos proxectos/obras finais.
- Facilitar aos estudantes información e recursos sobre a lingua galega.

A profesora encargada da coordinación do EDLG é Rebeca Ces García.

Servizos

SECRETARÍA VIRTUAL

A través da Secretaría Virtual podes consultar o teu expediente académico, calificacións e outros documentos de interese de caracter administrativo (como horarios de grupo, etc). Podes acceder dende a páxina de inicio da Escola **www.eapicasso.com** ou dende o enlace www.codex.pro

AULA VIRTUAL

Hai docentes que fan uso da plataforma Moodle para configurar unha aula virtual no seu módulo ou disciplina. Chegado o caso, necesitarás crear un usuario para ter acceso á documentación e recursos que che faciliten nela. Podes acceder dende a páxina de inicio da Escola **www.eapicasso.com** ou a través do seguinte enlace:
http://www.edu.xunta.gal/centros/escolaartepablopicasso/aulavirtual2/

BIBLIOTECA

Contén un catálogo formado por máis de 4900 rexistros e que continuamente se amplía e actualiza a través de adquisicións recomendadas polos distintos departamentos didácticos, en ocasións tamén con doazóns de particulares.

A Biblioteca da EASD Pablo Picasso conta cun só espazo de consulta, lectura e préstamo. O servizo de préstamo para o alumnado e profesorado é atendido polo propio profesorado do centro.

A maior parte dos libros, videoteca e colección de publicacións periódicas atópanse nas vitrinas do espazo propio da biblioteca. Hai tamén libros nas aulas (Bibliotecas de aula) e unha colección de libros máis antigos atópase na aula 2 do segundo andar da escola.

O catálogo da biblioteca está feito a partires das especialidades impartidas no centro, de tal xeito que as seccións principais coinciden en parte cos ciclos e estudos superiores como por exemplo Ilustración e con os contidos transversais, como por exemplo Arte.

A base de datos de todo o catálogo pódese consultar in situ ou dende calquera lugar a través da rede na páxina do Proxecto Meiga.

Como alumno/a poderás retirar un máximo de 3 documentos, e o prazo de devolución será de 15 días naturais.

Tamén hai acceso á Biblioteca de Educación do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, a través da plataforma ELIBRO. Estamos subscritos á colección Cátedra, que inclúe contido de todas as disciplinas académicas, composta de mais de 140,000 libros electrónicos dunhas 600 editoriais en continuo crecemento. Este recurso permitirá a consulta en liña e a descarga de libros electrónicos, podendo ampliar así os fondos dispoñibles da nosa biblioteca.

SECCIÓNS TEMÁTICAS DA BIBLIOTECA

CDU: 0 ENC/ DIC/GUI-ART Xeneralidades: enciclopedias, dicionarios, guías.

CDU: 00 XER-DES Deseño xeral.

CDU: 34 LEX-FOL Leis, manuais de FOL, organización industrial, recompilatorios.

CDU: 004 INF-TEC Informática/Tecnoloxía: Manuais de software, tecnoloxía, Intelixencia Artificial (IA).

CDU: 5 CIE-MAT/FIS Ciencias Aplicadas ás artes: Materiais, física, química

CDU: 06 DVD/CD-ART/HIS/MUS/DOC/INF Material Audiovisual (DVD e CD) de Arte, historia, música, documentais, Informática.

CDU: 7 ART – Arte: 7 ART-ENC Enciclopedias, **7 ART-HIS** Historia, **7 ART-MON** Monográficos, **7 ART-PIC** Picasso, **7 ART-TEO,** Teoría.

CDU: 7 ILU – Ilustración: 7 ILU-ALB Álbums, **7 ILU-COM** Cómic, **7 ILU-FOT** Fotoilustración, **7 ILU-MON** Monográficos, **7 ILU-REC** Recompilatorios (anuarios, revistas, catálogos), **7 ILU-TEO** Teoría.

CDU: 73 ESC – Escultura: 73 ESC-HIS Historia, **73 ESC-MON** Monográficos, **73 ESC-TEC** Técnica, **73 ESC-TEO** Teoría

CDU: 730 AAP – Artes Aplicadas: 730 AAP-DOU Dourado, **730 AAP-FOR** Forxa, **730 AAP-GRA** Gravado, **730 AAP-MAD** Madeira, **730 AAP-VAR** Varios.

CDU: 74 DIB – Debuxo Artístico

CDU: 75 DIB – Debuxo Técnico

CDU: 747 DIN – Deseño de Interiores: 747 DIN-JAR Deseño de Xardín, **747 DIN-MOB** Mobiliario, **747 DIN-MON** Monográficos, **747 DIN-NOR** Normativa, **747 DIN-PRO** Proxectos, **747 DIN-REV** Revistas deseño de interiores, **747 DIN-TEC** Técnica, **747 DIN-TEO** Teoría.

CDU: 766 DGR – Deseño Gráfico: 766 DGR-EDI Editorial, **766 DGR-INF** Infografía, **766 DGR-HIS** Historia, **766 DGR-MUL** Multimedia, **766 DGR-PAC** Packaging, **766 DGR-PRO** Proxectos, **766 DGR-REC** Recompilatorios, **766 DGR-REV** Revistas deseño gráfico, **766 DGR-TEO** Teoría, **766 DGR-TFE** Traballos fin estudos,**766 DGR-TIP** Tipografía.

CDU: 77 FOT – Fotografía: 77 FOT-FOT Fotolibro, **77 FOT-HIS** Historia, **77 FOT-MON** Monográficos, **77 FOT-REC** Recompilatorios, **77 FOT-TEC** Técnica, **77 FOT-TEO** Teoría.

CDU: 791 AUD-CIN: Manuais, monográficos e recompilatorios relacionados co cine e o vídeo, películas.

CDU: 82 LIT-GAL Literatura Galega

CDU: 9 HIS-TEO/ESP/GAL/COR Historia Mundial, de España, de Galicia e historia de A Coruña (fondo local)

A Sala de lectura estará aberta de luns a venres en días lectivos, en horario de 09:00 a 21:00 horas e dispón de conexión wifi. A profesora encargada da coordinación da Biblioteca é Lucía Rivera.

CAFETERÍA

O servizo de cafetería está dispoñible no seguinte horario Luns, de 11:00 a 19.00 h. Martes, mércores e xoves, de 08:45 a 19.00 horas. Venres de 08:45 a 15:00

ARMARIOS

Existe servizo de armarios a disposición do alumando. Podes infórmate en conserxaría. Cando xa non o utilices acórdate de devolver a chave para que pase a estar a disposición dos teus compañeiros e compañeiras.

WIFI

Consulta na conserxaría pola clave do WIFI á que podes acceder na Escola.

Ensinanzas artísticas superiores

Calendario escolar e horarios

Podes consultar o calendario escolar e os horarios de grupo na páxina web (www.eapicasso.com/informacion). Adoitan publicarse con caracter provisional cara finais de xullo. E a comezo de curso, publícanse os definitivos. Ainda que non soe haber moita variación, compre confirmalo.

A unidade de medida das disciplinas é o crédito ECTS, que equivale a 25 horas de estudo. Neste sistema valóranse as horas que o alumnado dedica á actividad de estudio no que se inclúee o tempo dedicado ás horas lectivas, horas de estudo, tutelas, seminarios, traballos, prácticas e proxectos, así como as esixidas para a preparación e realización de exámes e avaliacións.

A ventaxa dos créditos ECTS é que ao ser a unidade de medida igual en todos os centros superiores do espazo europeo, permite comparar fácilmente a carga lectiva das titulacións e facilita a movilidade e a validación dos estudios.

Carácter das disciplinas:

- Formación Básica (FB): son disciplinas comúns á todas as espacialidades de Deseño.
- Obrigatorias de especialidade (OE): son específicas e obrigatorias para cada especialidade de Deseño. Non se modifican.
- Optativas (Op): En cada curso podes optar entre as que se ofertan. A oferta pode cambiar - puntualmente- en cada curso.

Tipo de disciplinas:

- Teóricas (T): con ratio de 20 alumnos/as por profesor/a.
- Teórico prácticas (TP): con ratio de 10 alumnos/as por profesor/a.

O PLAN DE ESTUDOS (PE)

O plan de estudos das EEAASS de Deseño abrangue un total de 240 ECTS, e esta estruturado en catro cursos de 60 ETCS cadanseu. Cada curso esténdese ao longo de 36 semanas lectivas. Os tres primeiros cursos impartense en dous cuadrimestres. No cuarto curso, as disciplinas presenciais impartense no primeiro cudrimestre e as de Prácticas externas e de Traballo finde estudos no segundo cuadrimestre.

- O Plan de Estudos das EEAASS de Deseño está recollido nas seguintes referencias lexislativas:
- DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas superiores de Deseño na Comunidade autónoma de Galicia. DOG nº 233, de 23 de novembro de 2015

ORDE do 21de novembro de 2016 `pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas superiores de Deseño na Comunidade autónoma de Galicia. DOG nº 230, de 1 decembro de 2016

Estas normas as podes visualizar e descargar na páxina web da Consellería:
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/normativa_deseno_050816.pdf

MATRÍCULA

Nas EEAASS de Deseño so podes facer matrícula con carácter presencial.

A matrícula no primeiro curso será por curso completo. Para o resto dos cursos poderás formalizar a matrícula, cun máximo de 75 créditos. Poderás incrementar o número de créditos no caso de obter recoñecemento de créditos.

A matrícula nas Prácticas externas (PE) e do Traballo de fin de estudos (TFE) debes realizala tamén ao comezo do ano académico correspondente.

PROMOCIÓN. CONVOCATORIAS

Para a superación das disciplinas tes dúas convocatorias por curso: a ordinaria en maio ea extraordinaria en xuño. No caso do traballo Fin de Estudos tamén terás dúas convocatorias por curso.

Dispós, con carácter xeral, de catro convocatorias para superar as disciplinas, agás nas de prácticas externas (PE) e de traballo de fin de estudos (TFE) nas cales soamente disporás de dúas.

As convocatorias computaranse de xeito sucesivo e entenderanse esgotadas tanto no caso de que non superes a disciplina como no caso de que non te presentes ás probas programadas para a dita convocatoria.

Se esgotas as convocatorias de que dispós, poderás solicitar á dirección do centro, antes dos cinco días seguintes a comunicación da cualificación da derradeira convocatoria, unha convocatoria adicional, de carácter extraordinario, por circunstancias especiais que deberás alegar e xustificar documentalmente, sen que podas alegar como circunstancia especial a falta de rendemento académico. A dirección do centro resolverá no prazo de dez días hábiles.

Se obtés autorización para unha convocatoria adicional deberá facer uso dela na convocatoria inmediatamente seguinte á data en que fose concedida, sen prexuízo da solicitude de anulación de convocatoria, da que poderás facer uso.

RENUNCIAS. ANULACIÓNS DE CONVOCATORIAS

Podes renunciar a matrícula -unicamente- da totalidade das disciplinas nas que esteas matriculado. A renuncia faise en escrito dirixido á dirección do centro e suporá a perda da condición de alumno/a, e a perda da praza na escola, debendo concorrer a un novo proceso de admisión de querer continuar con posterioridade os estudos na mesma.

A perda de condición de alumno/a non implicará a devolución das taxas aboadas.

Por causas xustificadas, a Dirección da Escola poderá conceder a renuncia (anulación) de convocatoria de disciplinas. A renuncia pódese solicitar ata un día antes do comezo das probas finais da convocatoria correspondente. No caso do Traballo de fin de estudos poderase solicitar ata o día anterior ao da data de presentación do mesmo.

PERMANENCIA

Non poderás realizar matrícula na mesma especialidade na EASD Pablo Picasso durante máis de oito anos académicos, sen prexuízo das convocatorias adicionais ou anulacións de convocatoria que che fosen concedidas. Para estes efectos computaranse todos os anos académicos en que teñas realizado matrícula, con independencia da eventual renuncia a esta, do número de disciplinas en que te teñas matriculado e do número de créditos ECTS asociados a estas.

MOBILIDADE. TRASLADOS DE EXPEDIENTE

Os traslados de expediente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán suxeitos ás prazas na escola de destino á que optes. A solicitude debes presentala por escrito á dirección dese centro de acollida, e a admisión é competencia da súa xunta de escola. No caso de concederse a solicitude de traslado, a dirección dese centro solicitará á dirección do centro de orixe o traslado do expediente do alumno/a.

Os traslados de expediente dende un centro oficial dependente doutra Administración educativa do Estado ou dun centro oficial de ensinanzas artísticas superiores integrado no Espazo Europeo da Educación Superior estarán suxeitos á existencia de prazas vacantes no centro de destino. Neste caso, tamén, a xunta da escola do centro de acollida será competente para resolver a súa admisión, e estarán suxeitos ao proceso de recoñecemento de créditos ECTS establecidos.

A solicitude de traslado de expediente debes presentala no centro de acollida, antes dos quince días naturais anteriores ao sinalado como comezo do curso segundo o calendario escolar, achegando para iso certificación académica dos estudos cursados en que conste a norma que establece o plan de estudos cursado e as cualificacións obtidas, e que no caso de provir dun centro de fora da Comunidade Autónoma de Galicia será en idioma castelán.

No caso de que o traslado de expediente se produza unha vez iniciado o curso académico, será competencia da dirección do centro a valoración e admisión da solicitude. Deberás achegar un informe completo das túas cualificacións ata o momento do traslado.

PLANIFICACIÓN ACADÉMICA. GUÍAS DOCENTES E PROGRAMACIÓNS

A guía docente xeral é o documento de carácter público en que se especifican os aspectos básicos de cada unha das disciplinas que integran o plan de estudos: Identificación da materia e da disciplina, obxectivos, competencias, contidos, metodoloxías, actividades e temporalización, e sistema de avaliación.

Podes consultar as guías docentes das EEAASS de Deseño na páxina web de escola:
Guías Docentes Deseño Gráfico - Guías Docentes Deseño de Interiores

A programación anual de cada disciplina recolle para cada ano académico, ademais dos puntos establecidos na guía didáctica: a identificación completa e contextualización, o docente responsable, a organización dos contidos propios e temporalización da súa docencia, os procedemento e instrumentos de avaliación ordinaria e extraordinaria, o sistema de cualificación e de recuperación, a metodoloxía, materiais e recursos didácticos e actividades complementarias, e os criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.

A programación de cada disciplina estará a vosa disposición, e é importante que a coñezas. Explica: que che van ensinar, como cho van ensinar e como che van avaliar.

O/a profesor/a a explicará o primeiro día de clase e despois estará publicada na aula correspondente.

FALTAS DE ASISTENCIA

As ensinanzas son presenciais, e dado o carácter esencialmente práctico dos contidos que se ensinan, a avaliación continua constitúe a ferramenta básica no sistema de avaliación, o que require -para a súa correcta aplicación- a asistencia regular do alumnado ás actividades lectivas.

No suposto en que as ausencias superen o 30% das actividades lectivas programadas no curso (computadas con trinta días de antelación ao comezo das probas finais da avaliación ordinaria), aplicarase un procedemento extraordinario de avaliación, que estará reflectido na programación de cada disciplina.

No caso de coincidencia de horario de disciplinas dun curso con outras pendentes de cursos anteriores, terá preferencia a asistencia ás clases destas últimas.

TRABALLO DE FIN DE ESTUDOS (TFE)

O Traballo fin de estudos representa o cume da formación que recibiches durante todos os teus anos de formación académica. Consiste na elaboración dun proxecto de deseño (gráfico ou de interiores), realizado individualmente, para demostrar que está capacitado/a para desempeñar unha actividade profesional no teu campo profesional.

Como alumno/a do TFE deberás propoñerlle ao departamento, achegando a documentación necesaria, o traballo que pretendes desenvolver, e deberá se aprobado por este. Contarás coa tutela dun/dunha docente da especialidade durante o desenvolvemento do traballo.

Realizarase no segundo cuadrimestre do cuarto curso e para a súa matricula se require ter superado con antelación as demais disciplinas. Con carácter excepcional, a xefatura de estudos poderá admitir a matricula no TFE con disciplinas pendentes que sumen un máximo de 18 ECTS, sempre que non se trate das de Proxectos.

Con carácter xeral, a convocatoria ordinaria do TFE abrangue os meses de febreiro a maio, e a extraordinaria de maio a xullo.

PRÁCTICAS EXTERNAS (PE)

As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa e carácter práctico que debes realizar, supervisada polo centro en que cursas os estudos. Teñen como obxectivo permitirte aplicar e complementar os coñecementos acadados na túa formación académica, favorecer a adquisición das competencias asignadas á dita disciplina, prepararte para o exercicio de actividades profesionais, facilitar a túa empregabilidade e fomentar a túa capacidade de emprendemento.

As PE poderanse realizar en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións, e entidades públicas ou privadas de ámbito nacional ou internacional. Dado o carácter formativo das PE, da súa realización non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin terás que facer a prestación laboral propia dun posto de traballo.

As PE terá que realizalas en empresas, institucións, estudos ou talleres en que a actividade principal se desenvolva no ámbito profesional do Deseño gráfico ou de interiores.

As PE terán unha duración presencial mínima de 250 horas, distribuídas en horarios establecidos de acordo coas súas características e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Procurarase que os horarios sexan compatibles coa actividade académica formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado no centro no que cursa as EEAASS de Deseño.

O/a titor/a académico/a do cuarto curso asignará ao alumnadoa unha empresa ou institución. O titor/a terá as seguintes funcións: formalizar os acordos coas persoas responsables das entidades colaboradoras, asignar ao alumnado entre estas, informándoo do calendario, horarios e condicións de realizacións das PE, cubrir e custodiar a documentación relacionada coas PE, e cualificar ao alumnado, tendo en conta o informe responsable da entidade colaboradora.

AVALIACIÓNS

A avaliación do proceso de aprendizaxe é continuo e diferenciado por disciplinas, considerando os contidos, as competencias e os criterios de avaliación do currículo establecido establecido no plan de estudos (Decreto 172/2015 do 29 de novembro) e concretados nas programacións de cada disciplina.

Convocatorias:

En cada curso académico disporás de dúas convocatorias: ordinaria e extraordinaria, que se farán públicas con suficiente antelación.

Sistema de cualificacións:

Os resultados da avaliación exprésanse nunha escala de 0 a 10, cun decimal. Considéranse positivas as cualificacións iguais o superiores a 5,0. Cando debas ser avaliado/a unicamente a través da realización dunha proba e non te presentes á mesma, a cualificación será "non presentado/a" (NP).

Se tés dúbidas con respecto ós resultados da avaliación terás dúas sesións para aclaracións co/coa docente desa disciplina.

Cualificación media do expediente académico:

Aplicarase a seguinte fórmula: suma dos créditos ECTS obtidos multiplicado cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan e dividido polo número de créditos total obtidos.

RECLAMACIÓNS

Co fin de garantir o dereito a que o teu rendemento sexa avaliado conforme criterios obxectivos, poderás presenta unha reclamación ante a dirección do centro, nun prazo de 2 días, contados a partir do día seguinte ao da comunicación das cualificacións das convocatorias.

Poderás presentar a reclamación cando consideres que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

a) Inadecuación da proba proposta ou dos instrumentos de avaliación aplicados en relación cos obxectivos e contidos da disciplina.

b) Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

O/A director/a do centro, logo de recibido o informe do departamento correspondente, emitirá resolución motivada ao respecto no prazo de cinco días, contados a partir da súa recepción.

No suposto de reclamación contra as cualificacións do TFE, o/a director/a do centro someteraa ao tribunal avaliador correspondente. Logo de recibido o informe do tribunal, o/a director/a do centro emitirá resolución motivada ao respecto no prazo de cinco días, contados a partir da súa recepción.

Contra a resolución do/a director/a do centro, podes presentar recurso de alzada perante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente no prazo máximo dun mes a partir da súa notificación. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.

VALIDACIÓNS. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS

Se tes realizado estudos superiores con antelación, podes solicitar -no intre de formalizar a matrícula- o recoñecemento total ou parcial dos créditos ECTS das disciplinas das EEAASS de Deseño.

Coa solicitude debes achegar unha certificación académica oficial dos estudos cursados que sustenten a solicitude de recoñecemento de créditos. Asemade, se son estudos cur-

sados fora da Comunidade autónoma de Galicia, deberás achegar os programas oficiais seguidos nas disciplinas, visados polos centros oficiais en que se teñan superado.

A dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores, resolverá e notificará á EASD Pablo Picasso sobre a solicitude nun prazo máximo de tres meses, a partir do día seguinte da notificación da solicitude pola dirección da escola.

O recoñecemento suporá a validación ou exención de cursar a/as disciplina/as correspondentes, computándose a cualificación do centro de procedencia.

Se obtés o recoñecemento pola totalidade dos ECTS asociados a unhaou máis disciplinas, poderás ampliar a matricula noutras disciplinas que sumen o mesmo ou inferior número de créditos.

Se vas solicitar o recoñecemento de créditos lee pormenorizadamente o capítulo IV: Recoñecemento de créditos ECTS e o Anexo II da Orde de 2 de novembro .

OUTROS ASPECTOS DE ÍNDOLE ACADÉMICA

Datos persoais. Comunicacións

Ao comezo do curso o/a docente de cada disciplina pedírache -a través do cumprimento dunha ficha, ou doutro sistema- os datos persoais para as comunicacións ao longodo curso. Debes cumprimentar os aspectos que se che requiran. Proporciona o enderezo da residencia habitual e unha conta de correo electrónico actualizada para o curso.

Cambios de grupo

